

I.E.S. Isidro Parga Pondal

Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación

Índice de contidos

Marco lexislativo	3
Situación inicial do centro	6
Consideracións de partida	7
Recursos humanos	8
Obxectivos a curto e medio prazo	9
Propostas de traballo	11
Proposta de traballo para o alumnado.....	11
Proposta de traballo para as familias.....	11
Proposta de traballo para o profesorado.....	11
Proposta de traballo para os departamentos didácticos.....	12
Proposta de traballo para o centro.....	12
Avaliación	14
Co alumnado.....	14
Co profesorado.....	14
Coas familias.....	14
Da Xestión.....	14
ANEXOS	15
Anexo I: Normas de uso do equipamento Abalar.....	15
Anexo II: Normas de uso das Aulas de Informática.....	19
Anexo III: Rede de datos do IES Isidro Parga Pondal.....	20

• Marco lexislativo

A Lei 3/2006 Orgánica da Educación supón un marco legal no eido da educación que establece unha serie de liñas de actuación no desenvolvemento das capacidades básicas que dá unha prioridade explícita en cada unha das áreas do currículo. Unha destas liñas de actuación é a utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, en diante denominadas TIC.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seus artigo 3:

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desen volver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

e no artigo 4, apartado e):

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

No anexo I, referido as competencias básicas coloca en 4º lugar a competencia en “tratamento da información e competencia dixital” que logo desenvolve do seguinte xeito:

Tratamento da información e competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

[...]

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. [...]

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

No mesmo decreto, no anexo IV, recóllese o que debe ser o “Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación” e como marco e guía para a elaboración do mesmo indica:

- *Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa. Poden recollerse aquí as iniciativas xa realizadas neste campo e mais as expectativas e os intereses de cara ao futuro.*
 - *Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos. Deberán incluírse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas.*
 - *Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.*
 - *Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.*
 - *Organización dos espazos do centro.*
 - *Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.*
 - *Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.*
 - *Plan de avaliación anual tendente a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.*
 - *Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos dos compañeiros e compañeiras docentes.*
 - *Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, de maneira que se fomente a súa participación nel.*
-

Posteriormente, neste mesmo anexo IV do decreto 133/2007 indica obxectivos xerais que deberá recoller cada plan:

- *Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.*
 - *Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.*
 - *Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.*
 - *Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.*
 - *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.*
 - *Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.*
 - *Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.*
 - *Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.*
 - *Potenciar a comunicación cos seus iguais.*
 - *Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.*
-

- *Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...*
 - *Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente*
 - *Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.*
 - *Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles. * A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.*
 - *Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.*
-

Así mesmo, na Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da ESO, establece no seu artigo 7.d que en cada unha das materias quedará expreso o tratamento das TIC e que deben ser complementarias do presente plan.

De todas estas disposicións legais establecemos o ámbito de traballo deste proxecto, que irá encamiñado ao desenvolvemento das competencias básicas, especialmente en catro aspectos: Tratamento da información e competencia dixital, uso das TIC no proceso de aprendizaxe, competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

. Situación inicial do centro

O centro parte dunha infraestrutura tecnolóxica base ampla. A existencia dun ciclo formativo da familia de informática favorece isto. No anexo III deste plan preséntase a información referente á situación actual do centro no referente ás TIC.

Basicamente podemos dicir que existe unha rede ethernet por cable e unha wifi, co uso combinado das dúas temos a totalidade dos espazos interiores do IES con cobertura. En aulas xerais, aula de informática, obradoiro de tecnoloxía, biblioteca, departamentos didácticos, sala de profesorado e estancias administrativas existe conxicionado ethernet.

As aulas de 1º e 2º de ESO recibiron no curso 2010-2011 os postos de conexión precisos para a implantación do proxecto ABALAR, estando na actualidade esas aulas xa co equipamento case ó completo de Abalar (á falta de algúns equipos de alumnado que están en espera de ser reparados ou enviados para completar a totalidade dos mesmos).

Nos últimos anos acometeuse un proceso de mellora no equipamento do centro en medios tecnolóxicos e en particular en elementos relacionados coas TIC. Entre outras actuacións:

- Procedeuse a instalar elementos básicos como canóns de proxección fixos e pantallas de traballo en todas as aulas de docencia (aulas de clase, multiusos, plástica e informática)
- Montaxe de PCs con conexión a un canón proxector na maioría das aulas de clase.
- Renovación das instalacións do Ciclo de Informática (a cargo do presuposto do propio Ciclo).

. Consideracións de partida

Débase entender que dada a realidade da sociedade actual na súa complexidade, globalización e velocidade de información á que accede o noso alumnado, desde cada área debemos proporcionar unha visión integradora, crítica, investigadora e autónoma. Por iso desde cada materia debemos ter unha visión ampla e fomentar o desenvolvemento das competencias básicas:

- Expresarse como vehículo para estruturar o pensamento.
- Pensar para a materialización dos seus obxectivos.
- Relacionar os coñecementos na aula coa vida cotiá.
- Vivir en sociedade.
- Apreciar o seu contorno.
- Racionalizar a información.
- Utilizar os medios tecnolóxicos.
- Aprender cotexando e investigando a distinta información por distintas canles
- Respetar distintas culturas e identidades.
- Tomar decisións en distintas situacións que lles acontezan
- Valorar ou enxuizar a nosa sociedade.

As TIC reúnen unhas características que as fan non só atractivas, senón imprescindibles, tanto pola súa interactividade como pola súa asimilación por parte do alumnado, como ferramentas indispensables para a adecuación das competencias básicas e como recurso fundamental de atención á diversidade de capacidades, de ritmos e intereses.

. Recursos humanos

O noso centro conta con certa experiencia en proxectos nos que as TIC son parte fundamental na súa realización. Algúns destes poden servir de exemplos:

- Creación da páxina web do centro como medio interactivo co noso contorno.
- Actualización da biblioteca como enclave de recursos dixitais. Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.
- Iniciación ao proxecto ABALAR

O profesorado ten niveis formativos moi diferenciados contando cun grupo formado a un nivel suficiente para realizar as labores de dinamización e outros con formación base e pouca experiencia de aplicación das TIC na súa actividade didáctica.

No curso 2010-2011 houbo un proceso formativo específico para o profesorado que participaba no proxecto ABALAR. En anos posteriores ese proceso formativo deixou de ser obrigatorio correndo de cada profesor o apuntarse a cursos de formación nas TIC.

. Obxectivos a curto e medio prazo

Asumimos como obxectivos a longo prazo os que se desprende do apartado sobre o marco legal.

1. Relanzar a nosa web coa plataforma DRUPAL e MOODLE, asociados á rede TIC de centros, para poder elaborar traballos en rede para comunicarnos coas distintas bases de datos das administracións incluíndo as doutros centros educativos e onde poder reflectir dun xeito directo a nosa comunicación coas familias e co alumnado en calquera momento e en calquera lugar.
2. Lanzar a plataforma MOODLE como base para a creación e posta a dispor do alumnado dunha aula virtual así como espazos de rede social educativa.
3. Incorporar estas tecnoloxías á administración, proporcionando un servizo onde todos os compoñentes do sistema educativo podan estar enlazados (e-mail do profesorado, calendarios colaborativos, traballos en grupo,...).
4. Dotar a nosa plataforma de recursos e contidos en forma de repositorios que permitan descargarlos para que o alumnado poda completar, reforzar, ampliar coñecementos.
5. Utilizar as TIC para elaborar textos escritos e materiais ben presentados, potenciando as capacidades de investigación, documentación, crítica, etc.
6. Usar as TIC para a creación de contextos comunicativos chats, foros, correo electrónico, blogs, etc. e de investigación como webquest e wikis.
7. Empregar as TIC para buscar, obter, procesar e comunicar información coa fin transformala en coñecemento. Uso racional da rede como fonte de información. Análise crítica da información atopada comparando feitos por distintas canles.
8. Usar a biblioteca escolar como centro de recursos multimedia e medio de busca e tratamento de información.
9. Promover a facilidade de acceso ás TIC cara ao tratamento da diversidade; fomentar a igualdade das persoas coa independencia da súa condición social.
10. Utilizar o ordenador na aula como un instrumento de socialización entre o alumnado, poñendo os seus coñecementos ao uso dos demais, resolvendo conflitos e unificando criterios contra a desigualdade. Será preciso realizar unha paulatina implantación de ordenadores nas aulas iniciando polos cursos altos xa que nos baixos está ABA-LAR.

Neste prazo preténdese iniciar a consolidación e a utilización das diferentes ferramentas e instrumentos, de forma interactiva, por parte de toda a comunidade educativa, de tal forma que colaboren no proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito integrado. Para isto haberá que:

11. Fomentar que todo o alumnado teña acceso aos recursos existentes de cara a acadar a formación pertinente.
12. Formar ao profesorado de forma continua para poder afrontar o seu labor docente, adquirindo coñecementos da utilización das tecnoloxías de información e comunicación para o seu uso na docencia directa e para a súa propia formación permanente.
13. Dotar todas as aulas do centro cos equipos que lle permitan traballar de xeito cotiá coas novas tecnoloxías.

- 14.** Abrir máis e diferentes canles de comunicación entre dunha parte o profesorado e o centro e da outra o alumnado e as súas familias.
- 15.** Encher de contidos o espazo web do instituto, utilizando unhas pautas de creación e criterios de uso comúns que favorezan o seu mellor aproveitamento por parte de todos.
- 16.** Traballar de forma autónoma na creación e edición de contidos web 2.0, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- 17.** Fomentar o traballo colaborativo e interdisciplinar de alumnas e alumnos e equipo docente, utilizando as novas tecnoloxías de información e comunicación.
- 18.** Fomentar a competencia de aprender a aprender, mediante a utilización dos recursos que ofrece Internet.
- 19.** Fomentar a autoavaliación e a avaliación en grupo a través da creación de “portfolios” persoais, con posibilidade de acceso restrinxido, aloxados nas wikis, que recollan as tarefas realizadas ao longo do curso.
- 20.** Fomentar a reflexión sobre a conservación do medio ambiente, proporcionando un espazo virtual onde conservar en formato dixital todos os documentos elaborados e de consulta.
- 21.** Fomentar no alumnado o uso das TIC como instrumentos de acceso ao coñecemento global e a valoración das informacións conseguidas de forma crítica e razoada.

• Propostas de traballo

• Proposta de traballo para o alumnado

Para o alumnado a proposta de traballo consistiría en pequenos Obradoiros nas distintas materias onde se realice unha busca de información para o seu posterior tratamento e exposición:

1. Busca de información:
 - a) Debemos orientar ó alumno sobre a mellor estratexia de busca de información: usando buscadores, foros, news, ...
 - b) Debemos limitar o tempo de busca. Para conseguir isto e e anterior son unha boa ferramenta as *webquest* ou as *cazas do tesouro*, xa que definen onde se debe buscar e terán un tempo limitado para facelo.
2. Tratamento da información:
 - a) Deben poder facer unha análise do material atopado e poder resumir e descartar parte da información que atopen
 - b) Sería interesante que a partir dese material eles elaboraran novos materiais (presentacións, materiais multimedia, ...) para poder usalos en clase
3. Exposición:
 - a) Co material realizado o alumno deberá realizar unha presentación para o resto da clase. Deberán usar o software axeitado (editores de imaxes, son e vídeo, procesadores de texto, ...)

• Proposta de traballo para as familias

Para as familias o traballo centrarase na adopción das TIC en dous frontes básicos: ABALAR e a páxina web do centro.

- Introducción a utilización da plataforma Abalar móbil: é unha ferramenta xa dispoñible para as familias e que lles permite estar informados en todo momento de novas relacionadas co centro.
- Promover a utilización activa da Web do Centro por parte dos pais. Para esta tarefa creárase un espazo para a ANPA na web.

• Proposta de traballo para o profesorado

No caso do profesorado a introdución ás novas tecnoloxías é máis interesante abordala dende outro enfoque. É interesante o uso das ferramentas web que nos permiten unha boa comunicación co alumno (blogs, wikis, ...) e fomentan a participación deste no desenrolo da aula. Por iso son interesantes actividades de formación no uso desas ferramentas por parte do profesorado:

1. Uso do portal educativo do centro:
 - a) A páxina do centro xa ofrece certas ferramentas que se poden usar no día a día, coma un taboleiro de anuncios, unha aula virtual e outras máis.

- b) O uso desas ferramentas pode supoñer a necesidade para algúns profesores de realizar actividades de formación (cursos ou grupos de traballo) para coñecerlas e manexalas.
- c) É interesante tamén ampliar as ferramentas desa web (ou usar outras) con outras que nos permitan máis liberdade de traballo cos alumnos (Wiki para a revista, Blogs de aula, ...)

• Proposta de traballo para os departamentos didácticos

No tocante ós Departamentos didácticos a proposta de traballo céntrase principalmente na inclusión progresiva de certos apartados da súa programación educativa, tales coma:

1. Uso de Blogs e Wikis co alumnado
2. Elaborar *webquests* e *cazas do tesouro* para traballo cos alumnos, fomentando que estes realicen as presentacións e entrega dos traballos das mesmas en formato dixital, usando ferramentas de elaboración de documentos tanto locais coma online.
3. Uso de ligazóns compartidos cos alumnos mediante delicious ou algún sistema similar
4. Elaborar apuntes de aula e exercicios para o traballo con EDI

• Proposta de traballo para o centro

1. Sería interesante a formación dun equipo de profesorado que leve a páxina web do centro. O traballo deste grupo consistiría en subir os contidos que se lle deran ou orientar ó profesorado interesado na forma de maquetar e subir os contidos de xeito que a páxina teña un estilo homoxéneo sen importar o departamento que se visite. Ademais deberase manter actualizada con novas de interese relativas ó propio centro. Actualmente ese traballo estase a realizar por parte do Departamento de Informática.
2. Ese equipo terá ademais que dar de alta ós usuarios (alumnos e profesores) tanto na páxina web coma na Aula Virtual ó principio do curso (mes de setembro). Actualmente ese traballo estase a realizar por parte do Departamento de Informática.
3. Habería que tentar integrar os distintos proxectos que se están a levar a cabo no centro de xeito que a páxina web do mesmo sexa un espazo común a todos eles.

• **Avaliación**

O plan TIC debe conter unha parte de autoavaliación para poder medir a calidade do mesmo e a decidir sobre a súa evolución futura. Para a realización do proceso de avaliación podemos centrarnos en tres grupos específicos:

• **Co alumnado**

- Facer unha enquisa para coñecer as posibilidades dos alumnos no acceso ás novas tecnoloxías (se teñen ordenador na casa, conexión a internet, posibilidade de acceder a internet dende outro sitio en caso de non dispoñer nel na casa, ...)
- Coñecer o nivel de uso dos alumnos no uso de equipamentos e programas
- Ó final de curso realizar unha enquisa para coñecer o grao de satisfacción por parte do alumnado no emprego das TIC e a relación cos resultados académicos

• **Co profesorado**

- Detectar as necesidades formativas por parte do profesorado
- Analizar o grado de integración das TIC no currículo e nas programacións (esta é a principal finalidade do proxecto)
- Valorar o grao de implicación do profesorado
- Realizar unha enquisa ó final de curso para coñecer o grao de satisfacción co proxecto e do uso das TIC e recoller propostas de mellora.
- Adaptar o proxecto segundo os datos obtidos no punto anterior (facendo reunións periódicas para valorar e adaptar o progreso dos obxectivos)

• **Coas familias**

- Coñecer o grado de achegamento do proxecto ás familias
- Detectar necesidades para mellorar ese achegamento

• **Da Xestión**

- Rexistrar o uso de materiais TIC por Departamentos (portátil, canón, EDI, cámaras, ordenadores, ...)
- Rexistrar todas as incidencias dos equipos informáticos
- Avaliar a utilidade e produtividade do grupos de alumnado de apoio ás incidencias nas aulas, para estender ese plan a outras aulas en próximos cursos.

• ANEXOS

• Anexo I: Normas de uso do equipamento Abalar

A entrada do proxecto Abalar implica a creación dunha normativa de uso dese equipamento que debe ser coñecida por toda a comunidade educativa. Neste anexo podemos ver a normativa creada o primeiro ano do proxecto. En cursos futuros irase modificando para axeitarse mellor ó día a día nas aulas.

Portátiles de Centro (Aulas Abalar)

NORMATIVA DE USO

1. Antes de coller o portátil dos carriños establecidos para gardalos os alumnos deixarán as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
2. Cada alumno recollerá o portátil do carriño por orde para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde. E en ningún caso se acudirá ó carriño en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
3. Sempre se collerá ó portátil con dúas mans, de xeito que ó levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
4. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
5. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.
6. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.
7. Non tocar a pantalla con ningún obxecto distinto do lapis destinado a tal fin (distribúese xunto no netbook) ou os dedos.
8. Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
9. Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.
10. Levarase un rexistro da actividade de uso de cada portátil por parte do alumnado.
11. Cada alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando polo seu orde e a súa conservación.
12. Cada alumno será responsable tamén de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o portátil ó finalizar a clase.
13. Os alumnos devolverán o portátil ó lugar que lle correspondente no carriño, asegurándose de que queda conectado ó cargador. Irán por orde evitando aglomeracións.
14. O equipo é responsabilidade do alumno para o traballo de clase, ante calquera incidencia co mesmo deberán avisar ó profesor. Non deberán manipular eles o portátil.
15. Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precise axuda do profesor, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.
16. Os equipos non se poderán baixar á biblioteca nin a ningún outro lugar aínda que estea habilitado para traballar cos portátiles. Durante o tempo que os alumnos estean fóra da aula os equipos deixaranse no estante correspondente do carriño, apagados e conectados á rede eléctrica

para recargar a batería.

17. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumno ó que se lle ten asignado o portátil deberá de continuar a clase sen el
18. Queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta tecnolóxica por parte do alumnado.
19. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respetar trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ó mesmo.

1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS

Cada alumno do centro recibirá ao incorporarse ao 1º curso da ESO un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula e ata que remate a súa permanencia no centro .

Os equipos permanecerán sempre no centro.

1.1.-Coidados básicos do portátil.

- Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perrigue a integridade física do aparello.
- Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.
- Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola asa ou polos bordos coas dúas mans.
- Evitar a exposición do portátil ó sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

1.2.- Contrasinais.

- Non se pode cambiar o contrasinal do equipo.

2.- GARDA E CUSTODIA DO PORTÁTIL NA CLASE.

- Cada alumno/a é responsable da custodia do portátil que se ten adxudicado, debendo de telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- Cando non o precise para traballar na aula, depositarao no espazo que ten asignado a tal efecto no carriño.

3.-O PORTÁTIL NO INSTITUTO.

3.1.- Normas de utilización do portátil no instituto

- Cando haxa que recollerse o portátil, farase na orde indicada polo profesor correspondente.
- As baterías deberán deixarse cargando sempre que non se traballe co equipo, mesmo no horario lectivo, como no momento de marchar para a casa.
- As aulas Abalar deberán permanecer pechadas durante os recreos e en calquera momento no que non haxa profesores nelas.

3.2.- Responsabilidades derivadas do uso do portátil

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as

seguintes:

- Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.
- Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo conlevará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sancións disciplinarias que se contemplan no NOF do centro
- Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto no NOF.
- Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- Revelar información persoal.
- A falsificación ou o seu intento.
- Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita a lexislación vixente.
- Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais

4.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no NOF ou nos procedementos legais oportunos.

O PORTÁTIL É UN INSTRUMENTO DE TRABALLO ESCOLAR Ó QUE SE TEN ACCESO POLO FEITO DE PARTICIPAR NO PROXECTO ABALAR.

O ALUMNADO E OS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS ADMITEN DENDE UN PRINCIPIO AS NORMAS ESTABLECIDAS PARA O SEU USO E, QUE O INCUMPRIMENTO DAS MESMAS, PODE SER OBXECTO DALGÚN TIPO DE SANCIÓN.

AS SANCIÓNS QUE SE PODERÁN CONTEMPLAR, EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE DO INCUMPRIMENTO SON:

- ◆ A RETIRADA DE PRIVILEXIOS DE UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL.
- ◆ A RETIRADA DO PORTÁTIL POR UN TEMPO DETERMINADO.
- ◆ INTERRUPTIR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNO NO PROXECTO.
- ◆ UNHA SANCIÓN ECONÓMICA QUE SE DETERMINARÁ EN CADA CASO TENDO EN CONTA A NATUREZA E GRAVIDADE DA DESPERFECTO CAUSADO.
- ◆ CALQUERA OUTRA APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR E QUE SE INCLUA NO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO INSTITUTO

Quedo enterado e acepto a presente normativa que asino.

- **Anexo II: Normas de uso das Aulas de Informática**

O Departamento de Informática terá unhas normas de uso dos equipos do Ciclo que lle serán presentadas ós alumnos durante o curso.

• Anexo III: Rede de datos do IES Isidro Parga Pondal

A continuación farase unha exposición detallada da situación actual do Centro dende o punto de vista TIC, facendo especial fincapé tanto nos recursos como no aproveitamento dos mesmos.

Equipamento informático

O I.E.S. Isidro Parga Pondal dispón duns amplos recursos TIC, aínda que nalgúns casos destacando:

Tódalas aulas e talleres onde se imparten ESO, ESPA, BAC, CICLOS, EBI, a excepción de tres, dispoñen de ordenador, altoparlantes preamplificados, proxector e conexión a Internet.

Destacando a maiores:

- Aulas Abalar.
 - Contamos con oito aulas Abalar nos cursos de 1º e 2º da E.S.O. Están equipadas cos portátiles e carros de carga respectivos. Está pendente a dotación dunha das aulas de 1º da ESO
- Aulas de Ciclo Informática.
 - Aulas equipadas e xestionadas polo profesorado do Departamento de Informática.
- Talleres Tecnoloxía (BAC e ESO)
 - Dispoñen de quince ordenadores de sobremesa actuais e dez obsoletos, para alumnado.
- Aula polivalente/multimedia
 - Dispoñen de 15 ordenadores de sobremesa para alumnado actuais.
- Aula informática ESO/Mentor
 - Dispoñen de 15 ordenadores de sobremesa obsoletos para alumnado.
- Sala de profesores
 - Dispoñen de cinco ordenadores de sobremesa actuais e dunha impresora en rede.
- Departamentos e Administración
 - Todos dispoñen dun ordenador de sobremesa. Case todos obsoletos.
- Aulas ordinarias
 - Dispoñen dun ordenador de sobremesa moi obsoleto.
- Biblioteca
 - Dispoñen de cinco ordenadores de sobremesa para alumnado obsoletos.
- Aulas Necesidades Educativas Especiais
 - Dispoñen dun ordenador de sobremesa moi obsoleto. Cada alumno motórico dispón dun ordenador portátil.
- Solucións de impresión

- Nas dependencias de conserxería está ubicada unha impresora multifunción (fotocopiadora) accesible dende a rede cableada e wifi do centro.
- Administración e departamentos
 - Dispoñen de impresoras multifunción a color, excepto administración que emprega dúas impresoras láser (B/N, dobre cara) obsoletas.
- Ordenadores portátiles
 - A maiores o centro dispón dunha decena de portátiles obsoletos e nalgún caso en estado inservible, por mor de avarías que non compensa reparar polo seu custo.

Conexións de Rede

Actualmente existen tres modalidades de conexión. Para facilitar o proceso de conexión de novos dispositivos a rede está en funcionamento un servidor DHCP, que asigna IPs a tódolos equipos conectados a Wifi e a rede cableada do centro.

- WIFI do centro: accesible dende todo o centro. En determinadas zonas a cobertura é escasa, pois segundo indicaron os técnicos enviados pola UAC a distribución dos puntos de acceso é mellorable.
- WIFI Abalar: accesible para os equipos das aulas Abalar.
- Rede Cableada: accesible para tódalas aulas.

A navegación ou saída Internet realízase a través dunha conexión coa rede da Xunta de Galicia a través do operador R. En determinadas zonas a "velocidade" de navegación está limitada por Hubs obsoletos.

Software

O centro ten certa heteroxeneidade en canto a Sistemas Operativos e software.

- Linux Ubuntu /Debian
 - Está implantado en tódolos equipos das aulas ordinarias, sala de profesores, aulas de informática e algún departamento.
 - Esta solución escolleuse para lograr unha implantación de equipamento económica e sinxela de administrar, ademais de lograr un maior aproveitamento de equipos moi obsoletos.
- Microsoft Windows (XP, 7, Server)
 - Implantado en Biblioteca, Despachos e Administración, talleres de Tecnoloxía e Debuxo e certos departamentos.
 - Actualmente o Centro está suscrito o programa *Microsoft Imagine*, que permite obter licencias e software de Microsoft a un prezo reducido.